

---

*ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO  
DEPARTAMENTO DE MÚSICA PARA O CURSO 2021-2022*

---



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

 **I.E.S. Terra de Soneira**

En aplicación da *Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia* así como das decisións recentes da comisión de coordinación pedagóxica para a concreción dos anteditos cambios normativos á realidade do noso centro, o [Departamento de MÚSICA](#) do IES Terra de Soneira modifica a súa programación didáctica para o presente curso 2021-2022.

## 1. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

O artigo 7 da Orde do 25 de xaneiro de 2022, nos seus apartados 7 e 8, contempla o seguinte no referente ao **procedemento de avaliación** do alumnado da ESO:

*7. Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.*

*8. O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Nese sentido, para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso.*

En consecuencia co anterior, modifícanse o Apartado 7 -1, 7-2, e 7-3 da Programación Didáctica do noso departamento:

Modificamos estes procedementos de cualificación para incluír unha proba ou traballo final en xuño que terá que facer o alumnado que, unha vez aplicados os procedementos de cualificación anteriormente plasmados, non acade unha nota mínima de cinco puntos.

Coa finalidade de poder adaptar esta proba a cada alumno e de garantir na medida do posible o maior rendemento do mesmo, adiantamos o final da terceira avaliación ata tres semanas antes do fin de curso, calculando dese xeito as cualificacións finais.

**Elímínase a avaliación extraordinaria e, de acadar** o alumnado que teña que facer a proba final anteriormente descrita (será informado das sección e subapartados dentro dela que terá que facer a través do seu informe individualizado) **unha nota igual ou superior a 5,**

Por outra banda, o alumnado que supere a materia e non teña que facer a devandita proba ou traballo final levará a cabo **actividades de reforzo** do aprendido e **de ampliación** de contidos a través de actividades (xogos, traballos en grupo...) deseñadas para que poidan traballar de xeito autónomo e incluso autocorririrse, mentres aqueles compañeiros que deban realizar esa proba final son atendidos de xeito máis individualizado polo profesorado cando estean a levar a cabo actividades de reforzo dos contidos non superados.

Deste xeito, artellarase unha vía para que o alumnado aprobado poida **mellorar a súa cualificación**, sempre adaptada ó seu grao de consecución das competencias.

Finalmente, o alumnado con **materias pendentes** tamén terá ocasión de recuperalas neste último tramo do curso, coa elaboración dunha proba ou traballo adaptado individualmente, e orientado a facilitarlle a superación das competencias.

## 2. BACHARELATO

O artigo 13 da Orde do 25 de xaneiro de 2022, nos seus apartados 4, 5 e 6, contempla o seguinte no referente ao **procedemento de avaliación** do alumnado de Bacharelato:

*4. O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.*

*5. Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres sesións poderá coincidir coa avaliación final do período ordinario. Haberá, así mesmo, unha sesión de avaliación logo da realización das probas extraordinarias. As avaliacións finais ordinaria e extraordinaria realizaranse nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.*

*6. No segundo curso de bacharelato, no período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, o centro educativo organizará a impartición das clases co fin de preparar o alumnado para a realización da avaliación de acceso á universidade e das probas extraordinarias.*

*No primeiro curso de bacharelato, o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicarase á preparación e á realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.*

En consecuencia co anterior, modifícanse os 7-4 e 7-5 da Programación didáctica do noso departamento:

Modificamos estes procedementos de cualificación para incluír unha proba ou traballo final en xuño que terá que facer o alumnado que, unha vez aplicados os procedementos de cualificación anteriormente plasmados, non acade unha nota mínima de cinco puntos.

28 de abril de 2022

María Jesús Domínguez Daponte